SECRETARÍA XERAL
Pazo provincial, Avda. Montero Ríos, s/n,
36071 Pontevedra
Teléfono: +34 986 804 100
secretaria.xeral@depo.gal • www.depo.gal

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 23 de outubro de 2026
--------o0o--------

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas e trece minutos do día vinte e tres de outubro do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Roberto José Álvarez Carrero, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña,* co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Non asiste o deputado *Luisa Sánchez Méndez,* xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e o deputado *Marcos Guisasola Padín*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37841.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de outubro de 2026.

2.37842.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2027. (Expte.2026059983)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que estean inscritas na área de

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e, teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 18 de setembro de 2026 (CSV: SXVMP3CGX9YRJKBH) a Secretaría Xeral emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2027.

Resultando que con data do 25 de setembro de 2026 (CSV: GB2RXWHO21QYHAPH) Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, indicando que o importe desta liña de subvencións, que ascende a 240.000,00 €, se afrontará con cargo á aplicación 27/250.2315.480.01, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2027 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2027, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2027.

Estas bases figuran no expediente co CSV- O09VHKBJXZSRQ89H co seguinte teor literal:

"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2027

A igualdade entre mulleres e homes e a loita contra a violencia de xénero son unhas das principais liñas estratéxicas de actuación que leva a cabo a Deputación de Pontevedra a través do Servizo de Igualdade.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Así, desde 2016, este servizo promove unha liña específica de subvencións a asociacións que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

Con esta iniciativa, a Deputación de Pontevedra aposta por integrar o principio de igualdade no conxunto das súas políticas, o que se traduce na consolidación desta liña de subvencións coa que afianzar a consideración da transversalidade de xénero en toda a actividade, tanto na súa dimensión interna coma na externa, de proxección e relacións co conxunto da sociedade.

No ámbito competencial, cómpre destacar que a igualdade é un dereito previsto nos artigos 9.2 e 14 da Constitución española, así como na Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia. En ambas as normas establécese que os poderes públicos teñen a obriga *de promover as condicións para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.*
Nesta liña, na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que se constitúe como o marco xurídico e legal da igualdade entre mulleres e homes no ámbito do Estado español, na Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, recóllese que os poderes públicos incorporarán, no marco das súas competencias, medidas tendentes a acadar a igualdade efectiva e impulsarán campañas de información e sensibilización específicas co fin de previr a violencia de xénero.

No ámbito local, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Nesta liña, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Deste xeito, a institución provincial, no marco das súas competencias e segundo o obxectivo de desenvolvemento sostible número 5 da Axenda 2030 das Nacións Unidas, considera necesario darlles apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades para conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

De acordo co exposto e ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións de acordo coas seguintes

BASES

Primeira. Obxecto:
Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria do procedemento de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolvan proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra durante o ano 2027.

Segunda. Financiamento e réxime económico:
A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 27/250.2315.480.01 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2027, ascende a douscentos corenta mil euros (240.000 €).
A subvención concedida a cada entidade non poderá superar os sete mil euros (7.000 €).

Terceira. Réxime xurídico:
A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo cuarta e os seguintes principios:
a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Cuarta. Entidades beneficiarias:
Poderán beneficiarse destas subvencións as entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolvan as actuacións reguladas nesta convocatoria e que cumpran os requisitos detallados a continuación:

- *Ter o seu domicilio fiscal ou establecemento permanente na provincia de Pontevedra.*
- *Carecer de fins de lucro.*
- *Estar inscritas na Área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS), recollido no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais en Galicia, na data final de presentación de solicitudes.*
- *Non estar incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para recibir axudas ou subvencións públicas nin incorrer en ningún dos casos de prohibición para percibir subvencións recollidos na lei.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- *Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- *Que a actividade desenvolvida pola entidade cumpra as obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia; na demais lexislación vixente en materia de igualdade e no exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.*

Quinta. Actuacións subvencionables:
Serán obxecto de subvención as actuacións relativas ao financiamento dalgún dos seguintes proxectos, programas e actividades:

- *Proxectos e actividades de sensibilización, formación e prevención da violencia de xénero.*
- *Proxectos de atención integral a vítimas de violencia machista, fillas, fillos e persoas dependentes ao seu cargo.*
- *Actuacións e programas destinados a mulleres en situación de especial vulnerabilidade e con singulares dificultades.*
- *Proxectos e actividades que favorezan e fomenten a igualdade entre mulleres e homes.*
- *Proxectos encamiñados a mellorar a formación e a orientación para o emprendemento e a inserción laboral das mulleres.*
- *Accións dirixidas a crear redes e servizos de apoio que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.*
- *Campañas de difusión e sensibilización da cidadanía en materia de igualdade entre mulleres e homes.*

As accións deberán realizarse durante 2027 e rematar antes do 31 de decembro dese mesmo ano. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza do proxecto subvencionado.

Sexta. Gastos non subvencionables:
Quedan excluídas desta convocatoria e, polo tanto, non serán obxecto de subvención, as seguintes actuacións:

- *Proxectos, programas ou actividades que recibisen subvención no mesmo exercicio a través doutras convocatorias de subvencións da institución provincial.*
- *Actuacións, campañas ou programas que se desenvolvan a través da Deputación de Pontevedra, entre elas as actuacións incluídas no catálogo de actividades do programa "+Xuntas" deste organismo.*

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

- *Proxectos que impidan o desenvolvemento do dereito das mulleres a unha vida libre de violencia, que non favorezan a súa autonomía e o seu dereito a decidir libremente e sen coaccións sobre a súa sexualidade, o seu corpo e a súa maternidade, ou que, en definitiva, non lles permitan construír os seus propios proxectos vitais.*
- *Gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono, alugueiro, limpeza etc.).*
- *Gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, así como os correspondentes a servizos de restauración, cátering e desprazamentos. Excepcionalmente, poderán admitirse aqueles gastos desta natureza que resulten estritamente necesarios para executar as actuacións obxecto da subvención, sempre que a entidade solicitante xustifique de forma expresa e suficiente a súa necesidade, a súa vinculación directa co proxecto subvencionado e a súa adecuación á finalidade da subvención. En ningún caso será suficiente a mera inclusión do gasto no proxecto ou a súa alegación como conveniente ou útil para o desenvolvemento das actuacións. A admisibilidade do gasto deberá quedar expresamente motivada no informe técnico do Servizo de Igualdade e contar coa conformidade de Intervención deste organismo provincial.*
- *Gastos financeiros, de asesoría xurídica e financeira ou de natureza análoga.*
- *Gastos relativos á adquisición de equipamento ou de material inventariable (equipamentos informáticos, mobiliario e outros).*

Sétima. Compatibilidade das subvencións:
As subvencións ás que se refire esta convocatoria son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración distinta da Deputación de Pontevedra ou ente público ou privado; non obstante, en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da actividade ou do proxecto subvencionado.

As actuacións subvencionadas de acordo co establecido nesta convocatoria non poderán financiarse mediante outras subvencións outorgadas polo réxime de concesión directa ou concederse por outros servizos do organismo provincial para a mesma finalidade no exercicio de 2027.

As subvencións ás que se refire esta convocatoria son incompatibles coa percepción de subvencións de carácter nominativo do centro xestor 250 (Servizo de Igualdade).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Oitava. Lugar de presentación das solicitudes:
As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (https://sede.depo.gal), de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.
Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).
Cada entidade poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria.

Novena. Prazo de presentación de solicitudes:
O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do extracto no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Décima. Comprobación de datos:
Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da entidade solicitante.*
- *NIF da persoa representante da entidade solicitante.*
- *Domicilio fiscal da entidade solicitante.*
- *Certificación de estar ao corrente das obrigas tributarias para percibir axudas públicas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*

Se as entidades interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.
Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter os citados datos, poderáselles solicitar ás entidades interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Décimo primeira. Documentación:
As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, na que se deberá detallar o orzamento da actividade, a seguinte documentación:

- *Acreditación do cargo da persoa representante legal da entidade (só no caso de non utilizar o certificado electrónico cualificado de representante de persoa xurídica).*
- *Certificado de inscrición no RUEPSS da Xunta de Galicia na Área de Igualdade emitido no ano 2027.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

- *Relación das persoas integrantes da xunta directiva da entidade a través dun certificado emitido pola secretaria ou secretario da entidade ou resolución de inscrición da xunta directiva emitida pola consellería competente da Xunta de Galicia.*
- *Proxecto descritivo da actividade para a que se solicita a subvención, asinado pola ou polo representante da entidade, que deberá recoller, como mínimo, estes datos: nome do proxecto, descrición, persoas beneficiarias, obxectivos, actividades, metodoloxía empregada, temporalización, equipo profesional dedicado ao proxecto (do que se incluirán o cargo, a titulación e a súa formación en materia de xénero e igualdade), avaliación e coordinación ou colaboración con outras entidades ou institucións.*
- *Para valorar o traballo en rede con outras entidades ou institucións, deberá achegarse a certificación ou o documento probatorio da entidade ou institución coa que se realice esta colaboración, para a súa xustificación. Para valorar o traballo en rede que se leve a cabo, este debe estar relacionado co desenvolvemento do proxecto para o que se solicita financiamento.*
- *Para valorar a formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades do equipo profesional da entidade destinado ao proxecto, terase unicamente en conta a formación especializada en materia de igualdade ou violencia de xénero daquelas accións formativas que sumen máis de 100 horas por persoa. Non se terán en conta accións formativas de menos de 20 horas.*

  Esta formación deberá ser impartida por colexios profesionais, universidades, organizacións sindicais e/ou administracións públicas, e, para que se valore, acreditarase documentalmente mediante unha copia da titulación ou titulacións no momento da solicitude de financiamento.

A documentación complementaria deberá presentarse por vía electrónica. As entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos achegados. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presentase a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Non será necesario achegar os documentos xa presentados con anterioridade. Para estes efectos, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo os presentou.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Décimo segunda. Notificacións:
As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
As notificacións realizaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde https://sede.depo.gal ou directamente en https://dehu.redsara.es.
As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.
O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.
Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaraa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo terceira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas:
Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, se non o fai, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.
Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en https://sede.depo.gal.
A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de forma electrónica ou presencial segundo a normativa reguladora do procedemento de que se trate. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Décimo cuarta. Valoración e criterios de concesión:
A valoración e o baremo das solicitudes presentadas e admitidas a trámite realizaranse en réxime de concorrencia competitiva. Cada proxecto poderá valorarse cun máximo de 100 puntos, de acordo cos seguintes criterios e coas correspondentes puntuacións:

1. *Calidade e contido técnico do proxecto, ata un máximo de 40 puntos:*
    a) *Claridade na descrición do proxecto, formulación de obxectivos e concordancia coas actividades, ata un máximo de 15 puntos.*
    b) *Metodoloxía proposta para a realización e indicadores de avaliación, ata un máximo de 10 puntos.*
    c) *Carácter innovador do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
    d) *Calidade global da proposta e viabilidade do proxecto, ata un máximo de 5 puntos.*
    e) *Uso dunha linguaxe e dunha imaxe non sexistas, 5 puntos.*
2. *Incidencia social do proxecto, do programa ou das actividades, ata un máximo de 30 puntos:*
    a) *Número de persoas beneficiarias, ata un máximo de 5 puntos:*
        - *Menos de 25 persoas: 1 punto*
        - *Entre 25 e 50 persoas: 3 puntos*
        - *Máis de 50 persoas: 5 puntos*
    b) *Repercusión no territorio da provincia, ata un máximo de 10 puntos:*
        - *Ámbito local: 3 puntos*
        - *Ámbito comarcal ou supramunicipal: 6 puntos*
        - *Ámbito provincial: 10 puntos*
    c) *Traballo en rede con outras entidades ou institucións, 2 puntos por entidade, ata un máximo de 10 puntos.*
    d) *Temporalización das actividades que se levarán a cabo, ata un máximo de 5 puntos.*
        - *Menos de 3 meses: 1 punto*
        - *De 3 a 6 meses: 3 puntos*
        - *Máis de 6 meses: 5 puntos*
3. *Recursos e capacidade de xestión da entidade, ata un máximo de 30 puntos:*
    a) *Esforzo económico da entidade solicitante no autofinanciamento do proxecto, ata un máximo de 10 puntos:*
        - *Ata un 10 %: 1 punto*
        - *Maior do 10 % e ata o 20 %: 2 puntos*
        - *Maior do 20 % e ata o 30 %: 3 puntos*
        - *Maior do 30 % e ata o 40 %: 4 puntos*
        - *Maior do 40 % e ata o 50 %: 5 puntos*
        - *Maior do 50 % e ata o 60 %: 6 puntos*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- *Maior do 60 % e ata o 70 %: 7 puntos*
- *Maior do 70 % e ata o 80 %: 8 puntos*
- *Maior do 80 % e ata o 90 %: 9 puntos*
- *Maior do 90 %: 10 puntos*

b) *Equipo profesional da entidade destinado ao proxecto con formación en materia de xénero e igualdade de oportunidades: 2 puntos por cada profesional, ata un máximo de 10 puntos.*

c) *Experiencia e traxectoria da entidade en prol da igualdade de oportunidades e na loita contra a violencia machista, ata un máximo de 10 puntos:*
   - *Ata 3 anos: 1 punto*
   - *Máis de 3 anos e ata os 6 anos: 3 puntos*
   - *Máis de 6 anos e ata os 9 anos: 5 puntos*
   - *Máis de 9 anos: 10 puntos*

   Para calcular a experiencia tomarase como referencia a información contida no RUEPSS da Xunta de Galicia.

Os proxectos que non obteñan unha puntuación superior a 40 puntos excluiranse da convocatoria.
Décimo quinta. Procedemento de concesión e resolución.
A concesión das subvencións realizarase a través do procedemento de concorrencia competitiva.
A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle á xefa do Servizo de Igualdade, quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para determinar, coñecer e comprobar os datos en virtude dos cales se formulará a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS.
A xefa de servizo poderá solicitar canta información ou documentación adicional estime necesaria para valorar mellor as solicitudes e a súa resolución, así como a asistencia doutros servizos da Deputación para os efectos do tratamento mecanizado da información.
Tamén realizará un informe-proposta no que se recollerá a valoración das solicitudes segundo os criterios de concesión e se detallarán o sistema de valoración seguido, a relación das entidades solicitantes para as que se propón a concesión da subvención coa súa contía e, no caso das excluídas, o motivo.
Para calcular a contía da subvención, empregarase un programa informático que terá en conta a dispoñibilidade orzamentaria e os criterios de valoración previstos na convocatoria. Inclúese o informe sobre o algoritmo de cálculo da subvención.
Unha comisión de valoración estudará e avaliará o informe-proposta, fiscalizado por Intervención, ademais de solicitar cantos informes estime necesarios, e emitirá unha proposta na que lle proporá motivadamente ao órgano competente a concesión ou a desestimación das solicitudes tramitadas.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto por:

- *Presidenta: a deputada delegada do Servizo de Igualdade.*
- *Vogais: a xefa do Servizo de Igualdade e persoal técnico funcionario (unha persoa do mesmo servizo e outra de Intervención).*
- *Secretaria ou secretario: unha funcionaria ou funcionario do Servizo de Igualdade ou de Intervención, que actuará sen voto.*

As propostas de concesión de subvencións someteranse á aprobación da Xunta de Goberno, que é o órgano competente. A resolución do procedemento notificaráselles ás entidades interesadas conforme o previsto no artigo 40 da LPACAP.
Unha vez transcorridos seis (6) meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen notificarse a resolución, as entidades interesadas estarán lexitimadas para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Décimo sexta. Modificación da resolución:
Segundo se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (Real decreto 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois da solicitude razoada, a entidade beneficiaria da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade desta, que se poderá autorizar cando non se danen dereitos de terceiras persoas nin se modifique a puntuación da fase de concesión.
Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo de dous (2) meses desde a notificación da concesión e será resolta pola Xunta de Goberno logo da proposta da Comisión de Valoración, que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:

- *Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ao orzamento subvencionado inicial, manteranse as condicións da subvención concedida (o importe da subvención e o orzamento subvencionado).*
- *Se o orzamento da nova actividade é inferior ao orzamento subvencionado inicialmente, a reformulación será automática e o orzamento obxecto da xustificación será o resultante de dividir o importe outorgado entre o coeficiente de financiamento da solicitude.*

Só se permitirá un cambio de aplicación ou modificación da subvención concedida, que deberá estar suficientemente motivado e formularse con carácter inmediato á aparición das circunstancias que o xustifiquen e, en todo caso, antes de finalizar o prazo de execución do proxecto ou das actividades subvencionadas.
Este cambio deberá realizarse durante o ano 2027, segundo se recolle no artigo 64.2 do Regulamento da LXS.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias:

Ademais das previstas no artigo 14 da LXS, as entidades beneficiarias destas subvencións terán as seguintes obrigas:

a. *Destinar a subvención ao obxecto concreto para o que se concedeu e executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención.*
b. *Realizar en prazo a finalidade obxecto da subvención, ademais de presentar a xustificación na forma e no prazo.*
c. *Utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que se poidan acreditar mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que se identifiquen a entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.); só excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma alternativa, poderá empregarse o pago en metálico. O incumprimento desta disposición para algún gasto que supere o importe de novecentos euros (900,00 €) implicará que este se considere non subvencionable, de acordo co previsto no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
d. *Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente e a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, e achegar canta información se lles requira no exercicio das actuacións anteriores.*
e. *Dispoñer dos libros contables, dos rexistros dilixenciados e dos demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como de cantos estados contables e rexistros específicos esixan as bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
f. *Conservar os documentos xustificativos da aplicación dada aos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, xa que poden ser obxecto das actuacións de comprobación e control.*
g. *Toda a documentación, a publicidade, a imaxe ou os materiais deberán facer un uso non sexista da linguaxe, evitar calquera imaxe discriminatoria das mulleres ou estereotipos sexistas e fomentar unha imaxe con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, corresponsabilidade e pluralidade de roles e identidades de xénero.*
h. *Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada; nese caso, o importe da subvención deberá ser obxecto de modificación.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

i. Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia que altere ou dificulte o desenvolvemento da finalidade subvencionada co obxecto de que, de estimarse con suficiente anterioridade, poidan modificarse o seu contido, a súa contía, a súa forma e os seus prazos de execución, e a xustificación dos correspondentes gastos.

j. Pagarlles ás e aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.

k. As entidades poderán subcontratar a execución total ou parcial da actividade obxecto da subvención, de conformidade co previsto na normativa de subvencións, pero nunca con persoas ou entidades vinculadas a ela, salvo autorización previa expresa do órgano concedente e tras a conveniente xustificación da necesidade por parte da entidade solicitante. En ningún caso, a contratación de persoal vinculado á entidade poderá supoñer un importe superior ao 10 % do importe total do orzamento, e establecerase ata un máximo de seiscentos euros (600 €) por persoa traballadora. O incumprimento destes termos será motivo de denegación da subvención.

Décimo oitava. Publicidade:

Nas accións de promoción e nos materiais de difusión que se realicen ao abeiro desta convocatoria incluirase o logotipo da Deputación de Pontevedra, seguindo a normativa de identidade corporativa, accesible en https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa. Así mesmo, para desenvolver a actividade obxecto da subvención, será obrigatorio que os logotipos da *institución provincial estean visibles nos materiais necesarios.*

Décimo novena. Xustificación:

Unha vez notificada a aprobación das axudas concedidas e realizada a actividade, as entidades beneficiarias poderán xustificalas ata o 29 de febreiro de 2028, este incluído.

1. De producírense circunstancias imprevistas que lles impidan ás entidades beneficiarias xustificar en prazo os proxectos, os programas ou as actividades, estas poderán solicitar unha prórroga antes de que remate o prazo de xustificación da subvención (artigo 32 da LPACAP).

O órgano concedente poderá outorgar unha ampliación do prazo de xustificación que non exceda a metade deste, sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas (artigo 70 do Regulamento da LXS).

2. Os gastos xustificados axustaranse aos conceptos establecidos no orzamento inicial, sen aboar máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida. A desviación máxima entre os conceptos con respecto ao orzamento inicial será do 20 %.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

3. *Para cobrar a axuda concedida, as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra, situación esta última que determinará de oficio a propia institución provincial.*

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se presentará obrigatoriamente por medios electrónicos, segundo o previsto na base décimo terceira:

a. *Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida. As facturas que se acheguen deberán estar debidamente cubertas e, polo tanto, desagregadas en prezos unitarios de modo que en cada factura se indiquen o número de unidades, os prezos unitarios destas e o custo total de cada unha.*
b. *Conta xustificativa dos gastos polo importe total do orzamento presentado pola entidade, na que se determine o custo ou o gasto total da finalidade subvencionada, se detallen as facturas ou os documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e se poña de relevo que os gastos que figuran nesta se aplicaron á finalidade para a que se concedeu a axuda. Indicarase que o resto dos xustificantes da conta se encontran no domicilio da entidade beneficiaria á disposición da Deputación para o seu exame, segundo se establece no artigo 24.1.B.d da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.*
c. *Memoria xustificativa do cumprimento das condicións establecidas e baremadas na solicitude de subvención para a súa concesión, debidamente asinada, na que se especifiquen as actividades realizadas e os resultados obtidos, así como unha avaliación sobre o impacto de xénero con indicadores e datos desagregados por sexo das persoas beneficiarias.*

   No caso dos gastos relativos a actividades lúdicas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre ou turísticas, así como os correspondentes a servizos de restauración, cátering e desprazamentos que fosen admitidos de maneira excepcional no proceso de solicitude, deberá xustificarse de maneira suficiente que se executaron as actuacións obxecto da subvención nos mesmos termos para os que se concedeu.
d. *Declaración responsable da persoa representante que acredite a divulgación do financiamento por parte do organismo provincial da actividade subvencionada, acompañada no seu caso de fotografías, carteis ou calquera outro medio probatorio da difusión.*

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Vixésima. Pagamento da subvención:
Para pagar a subvención, terase en conta o seguinte:

- *En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da axuda.*
- *En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 %, aboarase a parte proporcional da subvención.*

A subvención pagarase mediante unha transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.
Os gastos que figuren na conta xustificativa serán aboados polas entidades beneficiarias, preferiblemente antes de presentar a xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun (1) mes desde a súa percepción.

Vixésimo primeira. Incumprimento:
Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base décimo novena ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Igualdade requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.
A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda de dereito ao cobro da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

Vixésimo segunda. Devolución, reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención:
As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse ou perderase o dereito a cobralas nos seguintes casos:

1. *Por obtelas falseando as condicións requiridas.*
2. *Por non aplicalas aos fins para os que se concederon.*
3. *Por incumprir a entidade beneficiaria as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.*

Vixésimo terceira. Réxime xurídico, responsabilidade e réxime sancionador das achegas económicas previstas nesta convocatoria:
Estas axudas rexeranse polo establecido nestas bases. Serán de aplicación supletoria as normas da LXS, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento da Deputación para o ano 2027.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

As entidades beneficiarias someteranse aos procedementos de control ou auditoría que realice o Servizo de Intervención, polos seus propios medios ou a través de empresas colaboradoras. Como resultado deste procedemento, poderase esixir responsabilidade administrativa e estas entidades quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecidos na LXS.

Vixésimo cuarta. Publicidade da convocatoria:
Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e en https://sede.depo.gal.
Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo quinta. Protección de datos:
Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.
A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en https://sede.depo.gal, e o consentimento explícito das persoas interesadas.
Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- Bases 1ª, 19ª,20ª, 21ª,22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do Servizo de Cooperación, de data 02/10/2026, e do xefe do Servizo de Cooperación, de data 02/10/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 09/10/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Ponteareas (P3604200J), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 113.671,51 euros, co obxecto do financiamento do investimento "INSTALACIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NA AVDA CASTELAO" (Expte. 2026020495), cun orzamento por importe de 113.671,53 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	113.671,53 €	113.671,51 €	0,00 €	0,02 €

- A concesión de subvención queda condicionada á obtención da autorización da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas), así como a aportación da resolución ou acordo de aprobación do proxecto presentado e a acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada. A citada documentación deberá remitirse xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- Convén lembrar que o Concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.

- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén http://sede.depo.gal) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.

- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Ponteareas, á Intervención Provincial, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37848.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, NO MARCO DO IV PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "SUBSTITUCIÓN PECHE PERIMETRAL CAMPO FÚTBOL O REVEL (VILALONGA)". (Expte. 2026069747)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión extraordinaria do 11/09/2026, mediante o acordo núm. 3.8714 aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do IV Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (IV PEID), publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 179, do 17/09/2026.
- O financiamento deste plan ascende a oito millóns de euros (8.000.000,00€), financiados con fondos propios da Deputación con cargo ao orzamento provincial, imputable á aplicación orzamentaria 2026/942.3420.762.95.
- As subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva entre todos os concellos da provincia de Pontevedra de ata cincuenta mil (50.000) habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Nacional de Estatística (INE) referida á última actualización do censo.
- Mediante a Resolución Presidencial núm. 2026007616 de data 23/09/2026 aprobouse o repartimento do crédito que lle corresponde a cada concello e que se corresponde co importe máximo de subvención ao que pode optar cada entidade local. No caso do Concello de Sanxenxo o importe que lle corresponde é de 188.309,17 €.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- En data 24/09/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no Rexistro da Deputación (núm. rexistro WEB2026072915) dunha petición do Concello de Sanxenxo, na que solicita, con cargo á cantidade que lle corresponde no reparto, unha subvención por importe de 176.194,79 €, con destino ao financiamento do investimento denominado "SUBSTITUCIÓN PECHE PERIMETRAL CAMPO FÚTBOL O REVEL (VILALONGA)", cun orzamento polo mesmo importe.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases reguladoras do IV PEID.
- As actuacións contan co informe de supervisión favorable do técnico facultativo do Servizo de Cooperación de data 05/10/2026.
- Así mesmo o 05/10/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a concesión da subvención e a Intervención provincial emite informe favorable o 14/10/2026.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do IV Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (IV PEID).

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 7ª do IV PEID, que indica que lle corresponde o Xefe do Servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborarase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe dos servizos técnicos provinciais, no caso de ser necesario, e da fiscalización de Intervención.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 7ª do IV PEID, que indica que as propostas de resolución definitivas se elevarán ao órgano competente para a súa aprobación.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedinte a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 da RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da OXSDPPO, que regulan o procedemento de concesión.
- Base 1ª das reguladoras do IV PEID que definen o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do IV PEID que consignan o crédito orzamentario, o procedemento de concesión, así como os criterios obxectivos de repartimento.
- Bases 8ª e 10ª das reguladoras do IV PEID que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

CONCLUSIÓNS

A solicitude do Concello de Sanxenxo relativa ao financiamento da totalidade do investimento denominado "Substitución peche perimetral campo fútbol O Revel (Vilalonga)" presentouse dentro do prazo recollido na convocatoria do IV PEID, adáptase ás consideracións xurídicas expostas e xunto a documentación precisa para a válida concesión dunha subvención por importe de 176.194,79 €.

O obxecto do investimento adecúase dentro da tipoloxía das finalidades subvencionables reguladas na Base reguladora 1ª denominada "Obxecto".

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- CONCEDER ao Concello de Sanxenxo, CIF P3605100A, a cantidade de 176.194,79 € con destino ao financiamento do investimento "SUBSTITUCIÓN PECHE PERIMETRAL CAMPO FÚTBOL O REVEL (VILALONGA)" ao abeiro do IV Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas, cun orzamento polo mesmo importe.
  A execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do IV PEID (BOPPO núm. 179, de 17/09/2026) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- AUTORIZAR E COMPROMETER o gasto na aplicación 2026/942.3420.762.95 do vixente orzamento provincial no que existe crédito suficiente para facer fronte ao gasto, e sobre o cal se procederá á fase de orde de pagamento polo órgano competente.
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello do Sanxenxo, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

9.37849.- <u>CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO "+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2026" PARA FINANCIAR OS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO. (Expte 2026050023)</u>

Resultando que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do 17 de xullo de 2026 aprobou, entre outros, o acordo (nº 3.37398) de aprobación de bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva do proxecto "+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2026" para financiar os custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando que finalizado o prazo de presentación de solicitudes, resulta que todas as solicitudes, que ascenden a 8, cumpren os requisitos esixidos, polo que procede á avaliación conforme cos criterios de valoración e o reparto das cantidades das subvencións.

Considerando que a instrución do procedemento realizouse de conformidade co previsto nas bases do citado proxecto e en concordancia co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.

En virtude de iso, vistas todas as solicitudes presentadas e visto o informe técnico do xefe de servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 15 de setembro de 2026 coa avaliación das solicitudes presentadas de conformidade cos criterios establecidos nas bases para a súa presentación á comisión de valoración que di*: "(...) De acordo ao establecido na base Décimo primeira, "A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva. Para a repartición das cantidades terase en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade de 2025) que se achegase na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os seguintes tramos:*

a) *15 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 5.000,00 €.*
b) *De 16 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 11.000,00 €.*
c) *De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 14.000,00 €.*
d) *Máis de 40 persoas traballadoras con discapacidade: 18.000,00 €.*

Ao tratarse de reconto de persoas, sempre que aparezan decimais nos resultados do cálculo da media das persoas traballadoras con discapacidade contratadas por cada CEE, realizarase o arredondamento ao seguinte número enteiro superior."

Visto o informe da Intervención, de data 7 de outubro de 2026, de fiscalización previa das 8 solicitudes de subvencións, favorable a tramitación dos expedientes.

Vista a acta-informe da comisión de selección, nomeada para tal procedemento mediante RP núm. 2026007317 de data 14 de setembro de 2026, na reunión celebrada por medios telemáticos o 14 de outubro de 2026, na que se recolle a conformidade dos membros co citado informe técnico da xefatura de servizo, de conformidade co establecido nas bases reguladoras da convocatoria e demais normativa de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Por todo o exposto, en base aos antecedentes e de conformidade co establecido nas bases do proxecto "+EMPREGA en Centros Especiais De Emprego 2026", na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e demais lexislación concordante de aplicación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder as subvencións aos Centros Especiais de Emprego que se relacionan no Anexo I.
   As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se os beneficiarios non se opoñen ou a rexeitan expresamente no prazo de dez días hábiles contados dende a súa notificación.
2. Autorizar e comprometer o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 26/240.2410.489.90-polo importe máximo de 100.000,00 € para cada un dos Centros Especiais de Emprego que figuran como beneficiarios e na contía que se relaciona no Anexo I.
3. Publicar o acordo da concesión das subvencións aos Centros especiais de Emprego no BOPPO e na web da institución provincial e a súa notificación, no seu caso, ás partes interesadas.

ANEXO I

RELACIÓN DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO BENEFICIARIOS E REPARTO DAS CANTIDADES

Expediente	CIF	Centro especial de emprego	Media persoas con discapacidade contratadas no cee anualidade 2025	Importe máximo
2025050425	G36150803	ASOCIACIÓN DE DISCAPACITADOS INTELECTUALES VIRGEN DE LA O	3	5.000,00 €
2025046909	B94040524	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA	19	11.000,00 €
2025046570	G36551828	FUNDACIÓN PARA DISCAPACIDADE E EMPREGO JUAN XXIII	69	18.000,00 €
2025046904	B27714856	GRUPO SIFU GALICIA SL	47	18.000,00 €
2025046559	B27797935	JUAN MARÍA EMPLEO SL	21	11.000,00 €
2025047636	B36982742	LUME EMPREGO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL S.L.	41	18.000,00 €
2025050556	B36299121	SAN JERÓNIMO EMILIANI SL	38	14.000,00 €
2025046686	B94171758	SERVILAR 2018 SL	3	5.000,00 €
			TOTAL	100.000,00 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

10.37850.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME ALUGUER E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (Expte. 2026010704)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 07 de agosto de 2026 (nº de acordo 13.37513), aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *"servizo de deseño, subministración en réxime de aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra.",* cos seguintes lotes:

- Lote nº 1. Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Xardíns do Pazo Provincial e Sede de Vigo.
- Lote nº 2. Museo de Pontevedra.
- Lote nº 3. Cidade Infantil Príncipe Felipe (CIPF).
- Lote nº 4. Turismo Rías Baixas.

Resultando.- Que o procedemento convocouse mediante envío do anuncio de licitación para a súa publicación no suplemento do Diario Oficial da Unión Europea con data 07 de agosto de 2026, resultando publicado o día 10 de agosto de 2026. Nesa mesma data, publicáronse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, o anuncio de licitación, os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas.

Resultando.- Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 10 de setembro de 2026, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas, por lotes:

Lote nº 1: Pazo Provincial, Edificio Administrativo, Xardíns do Pazo Provincial e Sede de Vigo:

- Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
- Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
- Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Lote nº 2: Museo de Pontevedra:

- Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
- Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
- Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Lote nº 3: Cidade Infantil Príncipe Felipe (CIPF):

- Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484)
- Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
- Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Lote nº 4: Turismo Rías Baixas:

- Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330)
- Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205)

Resultando.- Que a continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, acordando dar traslado da documentación técnica descargada presentada polas empresas admitidas ao persoal técnico dos servizos de Arquitectura, Museo de Pontevedra, Centro Príncipe Felipe e Turismo Rías Baixas, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

Resultando.- Que recibidos os informes polos servizos referidos, de data 15 de setembro de 2026 (CSV: SD8EAZMYJA9GYUYP, 7IMM5MLL7YQ3GKI4, 9YH93H58U6MRWG7G e MIHI8EYHAIMZ1MFK), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 17 de setembro de 2026, presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que continúan no procedemento. A oferta económica das empresas que continúan no procedemento figura no certificado da Mesa de Contratación con CSV: 0YNKBWZPWLVWFU3V.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que tras o exame das ofertas presentadas polas empresas, obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe este procedemento, as ofertas económicas das empresas Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205) nos Lotes nº 1, 3 e 4 e Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) no Lote nº 2 presentan un valor anormal ou desproporcionado no referente aos criterios avaliables mediante fórmulas distintos do prezo, polo que se lles require para que no prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da comunicación xustifiquen a súa oferta, e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación do contrato.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que con datas 18 e 23 de setembro de 2026, as empresas Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) e Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205), respectivamente, achegaron as xustificacións requiridas dentro do prazo establecido, dándose traslado ao persoal técnico do servizo correspondente para a súa análise.

Resultando.- Que con data 22 de setembro de 2026, o Museo de Pontevedra emitiu informe favorable sobre a xustificación achegada pola empresa Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) en relación coa oferta presentada no Lote nº 2 (CSV: B4M4CESESLJFQRO0) ao considerar que, á vista da documentación achegada, non se aprecian *"(…) elementos que permitan considerar inviable o cumprimento das condicións ofertadas (…)".*

Pola contra, con data 07 de outubro de 2026, os servizos de Arquitectura, Centro Príncipe Felipe e Turismo Rías Baixas informaron desfavorable a xustificación de baixa temeraria presentada pola empresa Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205) en relación aos Lotes nº 1, 3 e 4, concluíndo que *"(…) a xustificación presentada non permite desvirtuar suficientemente a presunción de anormalidade da oferta de TECMODECO, SL. ao non quedar acreditada de maneira suficiente a viabilidade económica do conxunto da prestación nin a cobertura dos compromisos adicionais asumidos, nos termos previstos no artigo 149 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público"* (CSV: CDNM2CM9CKHB4AC4, DCIXYVF3H3LWYHCC e DQKP614JVR96LNB1).

Resultando.- Que de conformidade co exposto, a Mesa de Contratación na súa sesión do día 08 de outubro de 2026, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205), no Lote nº 2, por non acadar o limiar mínimo do 50% da puntuación máxima asignable aos criterios avaliables mediante xuízos de valor; aceptar a xustificación da viabilidade da proposición presentada pola empresa Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) no Lote nº 2, incursa en presunción de anormalidade polos criterios automáticos ofertados, distintos do prezo; rexeitar a xustificación da viabilidade das proposicións presentadas pola empresa Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205) nos Lotes nº 1, 3 e 4, incursas en presunción de anormalidade polos criterios automáticos ofertados ,distintos do prezo, coa conseguinte proposta de exclusión das mesmas nos devanditos lotes; e clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación á empresa Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330) nos Lote nº 1, 3 e 4 e á empresa Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) no Lote nº 2, polos prezos e valores ofertados.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que o persoal técnico do servizo de Contratación comproba que a empresa Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia, co número de inscrición 4670. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar, así como ao corrente coas súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Seguridade Social e dada de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número RP2026008177, de 09 de outubro de 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu ás empresas Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330), que presenta a mellor oferta nos lotes nº 1, 3 e 4; e a Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484), no Lote nº 2 cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (rexistros de entrada nº WEB2026077127, WEB2026077130 e WEB2026077134, de data 14 de outubro de 2026), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución de garantías definitivas polos importes de 1.544,10€, 960,00 € e 3.388,00 € (cartas de pago núm. operación 12026000212679, 12026000212670 e 12026000212667, respectivamente, de 13 de outubro de 2026).

Resultando.- Que a empresa Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (rexistros de entrada nº WEB2026076953 e WEB2026077396, de datas 13 e 15 de outubro de 2026, respectivamente), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 422,50 € (carta de pago núm. operación 12026000213364, do 15 de outubro de 2026).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Considerando.- O disposto nos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 do artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

1.- Excluír á empresa Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205) do procedemento no Lote nº 2, por non acadar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante xuízos de valor.
2.- Excluír á empresa Tecmodeco, S.L. (NIF: B10982205) do procedemento nos Lotes nº 1, 3 e 4, ao non resultar suficientemente xustificada a viabilidade das súas ofertas económicas, incursas en presunción de anormalidade, de conformidade co sentido desfavorable dos informes emitidos polos servizos de Arquitectura, Centro Príncipe Felipe e Turismo Rías Baixas, de data 07 de outubro de 2026 (CSV: CDNM2CM9CKHB4AC4, DCIXYVF3H3LWYHCC e DQKP614JVR96LNB1, respectivamente).
3.- Adxudicar o contrato do *"deseño, subministración en réxime de aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra"* ás empresas Geno Decoraciones y Montajes, S.L. (NIF: B36820330), nos lotes nº 1, 3 e 4 e Creaciones Luminosas, S.L. (NIF: B36351484), no lote nº 2, polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

LOTE Nº 1, 3 e 4. GENO DECORACIONES Y MONTAJES, S.L. (NIF: B36820330)

1.- Prezo ofertado:

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
Importe total, sen o IVE	30.882,00 €	19.200,00 €	67.760,00 €
IVE (21 %)	6.485,22€	4.032,00 €	14.229,60 €
Importe total. IVE engadido	37.367,22€	23.232,00 €	81.989,60 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

2.- Redución dos tempos de resolución de avarías (t):

	LOTE Nº 1	LOTE Nº 3	LOTE Nº 4
18 h < t < 24 h	X	X	X

3.- Adición de elementos ornamentais:

- *LOTE nº 1:* Oferta 20 árbores decoradas por riba do mínimo esixido no PPT.
- *LOTE nº 3:* Oferta 5 motivos luminosos adicionais aos mínimos esixidos no PPT na fachada do centro Agarimo.
- *LOTE nº 4:* Oferta 25 camelias iluminadas no Castelo de Soutomaior, por riba do esixido no prego técnico.

LOTE Nº 2. CREACIONES LUMINOSAS, S.L. (NIF: B36351484)

1.- Prezo ofertado:

Prezo total ofertado sen IVE	IVE (21%)	Prezo total ofertado
8.450,00 €	1.774,50 €	10.224,50 €

2.- Redución dos tempos de resolución de avarías (t): t ≤ 6 h

3.- Adición de elementos ornamentais: Oferta 5 estruturas luminosas 3D, por riba do mínimo esixido no PPT.

O prazo de duración do contrato será de un (1) ano, a contar desde a data de formalización do contrato, debendo de considerar os prazos parciais de execución contemplados nos pregos técnicos.

Prevense 3 prórrogas de (1) un ano de duración cada unha para esta contratación.

Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Lote	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
1	2026	26/457.4500.227.99	37.367,22€
2	2026	26/333.3330.213.00	10.224,50 €
3	2026	26/232.2312.227.99	23.232,00 €
4	2026	26/433.4320.227.99	11.666,77 €
		26/433.3360.227.99	60.038,85 €
		26/433.3363.227.99	10.283,98 €

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Forma de pagamento: TOTAL

O pagamento á empresa efectuarase previa aprobación por parte do servizo xestor da memoria esixida no prego técnico e presentación da correspondente factura, tras a prestación dos servizos obxecto do presente contrato na correspondente anualidade e a súa conformidade por parte do servizo xestor, de conformidade co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP).
*O orzamento contemplado no prego opera como máximo, polo que unicamente se facturarán polos servizos e subministracións efectivamente prestados, segundo as necesidades do servizo xestor correspondente.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https://sede.depo.es).
Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Lote nº 1: Arquitectura

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026010704	
Órgano xestor:	LA0006124	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote nº 2: Museo de Pontevedra

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026010704	
Órgano xestor:	LA0006116	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote nº 3: Centro Príncipe Felipe

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026010704	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Lote nº 4: Turismo Rías Baixas

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026010704	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato:

Nº Lote	Responsable do contrato
1	Antonio Giraldez da Cruz, enxeñeiro técnico industrial, ou persoa en quen delegue.
2	Antía Parcero Rodal, técnica de mantemento adscrita ao Museo de Pontevedra, ou persoa en quen delegue.
3	Patricia Pérez Fernández, técnica de mantemento adscrita ao Centro Príncipe Felipe ou persoa en quen delegue.
4	Amanda Sartier Saburido, xefa de sección de Servizos Turísticos, ou persoa en quen delegue.

4.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

11.37851.- ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN DE COMBUSTIBLES EN ESTACIÓNS DE SERVIZO, MEDIANTE UN CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO 21/2023 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. (Expte.2026040841)

Por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 25 de setembro de 2026, aprobouse o expediente de contratación da subministración de combustibles en estacións de servizo para os vehículos do parque móbil e a maquinaria da Deputación de Pontevedra, mediante un contrato baseado no Acordo Marco 21/2023 da Central de Contratación do Estado.

Con data 1 de outubro de 2026, convidouse ás empresas adxudicatarias do lote 1 (Península) do citado acordo marco, MOEVE, S.A. (NIF A28003119) e SOLRED, S.A. (NIF A79707345), a presentar as súas ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Rematado o prazo de presentación de ofertas, o 9 de outubro de 2026 procedeuse á súa apertura electrónica e á comprobación da documentación presentada, resultando admitidas ambas as empresas.

As ofertas presentadas foron as seguintes:

Criterio	MOEVE, S.A. (A28003119)	SOLRED, S.A. (A79707345)
Porcentaxe de desconto sobre o PAI	11,75%	10,50%
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	9	23

Con data 13 de outubro de 2026, o Servizo de Contratación emitiu informe de valoración das ofertas, de conformidade cos criterios de adxudicación e coas fórmulas establecidos no documento de invitación (CSV: DRW1V0NY8SQGYSEG).

Á vista do citado informe, a clasificación das ofertas, por orde decrecente de puntuación, é a seguinte:

Clasificación	Empresa	Puntuación
1ª	SOLRED S.A. (A79707345)	91,49
2ª	MOEVE, S.A. (A28003119)	87,83

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar á empresa SOLRED, S.A. (NIF A79707345) o contrato baseado no Acordo Marco 21/2023 da Central de Contratación do Estado, lote 1 (Península), para a subministración de combustibles en estacións de servizo destinados aos vehículos do parque móbil e á maquinaria da Deputación de Pontevedra, de conformidade coas seguintes condicións:

Criterio	Oferta
Porcentaxe de desconto sobre o PAI	10,50%
Número total de puntos de subministración nas localidades do Anexo I	23

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Prazo de duración: O contrato terá unha duración de dous anos, desde o 1 de decembro de 2026 ata o 30 de novembro de 2028, sen posibilidade de prórroga.

2.- Dispoñer o gasto correspondente á adxudicación do contrato por un importe máximo de 969.892,50 € (IVE incluído), con cargo ás aplicacións orzamentarias e anualidades que se detallan a continuación:

ANUALIDADE	CENTRO XESTOR	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS	Importe total (IVE incluído)
2026 (01/12/2026 a 31/12/2026)	CENTRO PRINCIPE FELIPE	26/232.2312.221.03	3.569,42 €
	COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL	26/924.9240.221.03	139,01 €
	CONTRATACIÓN	26/922.9200.221.03	1.118,38 €
	COOPERACION	26/942.4330.221.03	864,41 €
	E.F. AREEIRO	26/413.4123.221.03	635,17 €
	FINCA MOURISCADE	26/410.4120.221.03	628,00 €
	INFRAESTRUCTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	26/456.4530.221.03	17.523,75 €
	MEDIO AMBIENTE	26/410.4100.221.03	900,28 €
	MUSEO DE PONTEVEDRA	26/333.3330.221.03	316,30 €
	PARQUE MÓBIL	26/920.9200.221.03	12.570,00 €
	SAIM	26/923.1623.221.03	1.645,83 €
	XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO	26/233.3370.221.03	501,65 €
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que recolle o citado convenio que lle corresponde á Deputación de Pontevedra a redacción do proxecto, a licitación, dirección, execución e recepción das obras.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibiuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os RC 12026000113756 e 12026000115457 por importes de 709.345,89 € e 177.336,47 € respectivamente, con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 4 de setembro de 2026 acordou aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)" cun orzamento base de licitación de 886.682,36 € IVE engadido. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de setembro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 1/10/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga – Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do Servizo de Infraestruturas Públicas, con data 6 de outubro de 2026, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONS MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ao informe do Director do Servizo de Infraestruturas e vías Provinciais de data 6 de outubro de 2026, acordou prestar conformidade ás puntuacións acadadas polas empresas admitidas ao procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)".

Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 08/10/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentadas polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	732.062,54 €	3,00%	36 MESES	SI

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu a efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE"B"				PUNTUACION SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	0,30	5,00	5,00	5,00	15,30

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución do proxecto "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga – Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	18,00	15,30	33,30

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ao Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)" á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., por un importe de 885.795,67 € IVE engadido.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., (C.I.F. A36008886) figura inscrita no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (nº 182), acreditando a teor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia e acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Seguridade Social , así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A., para que achegara a documentación xustificativa, esta achegou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 36.639,77 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 13/07/226 con número de operación 12026000214119.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, excluiraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas..."

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF Getinsa Euroestudios, S.L. (B84840685), o Lote 1 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)".

Considerando.- Que na súa consecuencia proponse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do "Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", por un importe estimado de 5.533,80 €, IVE engadido.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) XZWVWN5R2JPQBGXO, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2024082834, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000162328.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ao Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (C.I.F. A36008886), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", de acordo co seguinte detalle:

   Importe ofertado ..... 732.062,54 €
   IVE (21%) ..... 153.733,13 €
   Importe Total..... 885.795,67 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade é o 3% do PEM.

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar desde a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 26/456.4530.612.02.2025 e 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https:/ /sede.depo.gal).

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026039519.

2. Nomear director de obra ao enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Jaime Ruibal de Sola.

3. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da seguridade viaria e da mobilidade peonil na EP-8501 Valga - Os Martores do 0+000 ao 0+110 e na EP-8502 Valga - Baño do P.Q. 0+000 ao 0+950 (Concello de Valga)", por un importe de 4.573,39 € e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado .....4.573,39 €
IVE (21%) ..... 960,41 €
Importe Total.....5.533,80 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en https:/ /sede.depo.gal)

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Nas facturas deberase indicar os códigos DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026048689.

21.37861.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO "ACONDICIONAMENTO CAMIÑOS CASAL DE SANTA E PAREDES E REPARACIÓN SENDEIROS PEONÍS NOS ACCESOS DAS PRAIAS DO AREEIRO E OSTRAL" DO CONCELLO DE VILABOA, INCLUÍDO NO PLAN EXTRAORDINARIO VÍA DEPO (Expte. 2026038680)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 24/04/2026, mediante acordo núm. 3.8640, aprobou as bases reguladoras e convocatoria do Plan Extraordinario Vía Depo que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 79 do 28/04/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026003330 do 28/04/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición por municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido na base sétima das reguladoras.
- Mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 66.37691, de data 11/09/2026, concedeuse unha subvención de 88.359,31 € ao Concello de Vilaboa con destino á execución da actuación denominada "Acondicionamento camiños Casal de Santa e Paredes e reparación sendeiros peonís nos accesos das praias do Areeiro e Ostral", ao abeiro do Plan Extraordinario Vía Depo, cun orzamento elexible de 88.359,31 €, o orzmento total do investimento ascende a 89.645,90€ os restantes 1.286,59 € financianse cunha aportación municipal.
- En data 18/09/2026 o Concello de Vilaboa presenta na sede electrónica da Deputación (núm. Rexistro WEB2026071766), un proxecto técnico reformulado, no que o orzamento dunha das actuacións aumenta respecto do inicial, indicando que os excesos de 7.021,82 €, se van financiar cunha aportación municipal. A reformulado do proxecto vén dada pola necesidade de "incluír no mesmo o entronque do sendeiro do Areeiro do Paredes, o cal se atopa en deficiente estado de conservación".

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- O expediente conta con dúas actuación diferenciadas, unha de "Acondicionamento camiños Casal de Santa e Paredes" cun orzamento de execución de 48.359,68 €, a cal manténdose igual respecto do inicial e outra de "Reparación sendeiros peonís nos accesos das praias do Areeiro e Ostral" cun orzamento de execución de 41.286,22 € aumentado con respecto o inicial, ámbolos dous suman un orzamento total de 89.645,90 €. O reformulado faise na actuación de "Reparación sendeiros peonís nos accesos das praias do Areeiro e Ostral" aumentando o importe de execución en 48.308,04 € o que fai un orzamento total de 96.667,72 € dos que 7.021,82 € asúmeos o concello, sumada a achega inicial fai un monto de 8.308,41 €, tal e como indica o Concello asúmeo cunha achega municipal.
- O técnico facultativo do Servizo de Cooperación emite informe de supervisión favorable do proxecto reformulado, en data 21/09/2026.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do II PEID.
- O 22/09/2026 o xefe do Servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de reformulado do proxecto e na data 07/10/2026 a Intervención provincial informa favorablemente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e o seu Regulamento aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro (RLSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27/12/2024 (OXSDPPO).
- Bases de execución do orzamento da Deputación.
- Bases reguladoras do Plan Extraordinario Vía Depo.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Consideracións xurídicas

Instrución do expediente

- Base reguladora 7ª da convocatoria, pola que a instrución do procedemento correspóndelle o xefe do Servizo de Cooperación.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do vixente orzamento provincial, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinala a competencia da Intervención para realizar esta función.

Resolución do expediente:

- Artigo 2 da LSG, en concordancia co artigo 2 da LXS, que na definición de subvención vincula a disposición dineraria entre outros requisitos, a que a entrega estea suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, debendo o beneficiario cumprir as obrigacións materiais e formais que se estableceran.
- Artigo 11.a) da LSG, en concordancia co artigo 14.1.a) da LXS, que establece como obriga do beneficiario cumprir o obxectivo ou executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención.
- Artigo 64 do RLXS que dispón que unha vez recaído un acordo ou resolución de concesión pódese solicitar unha modificación do seu contido, de acordo co disposto nas bases reguladoras da subvención, e sempre e cando non se prexudique dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.
- Artigo 16 da OXSDPPO, respecto da modificación da resolución de concesión, pola que salvo que nas bases reguladoras, resolución de aprobación da convocatoria ou de concesión se estableza o contrario, o beneficiario poderá solicitar a súa modificación, non debendo variarse o destino ou finalidade da subvención.
- Artigo 205 da LCSP, que recolle os supostos de modificacións non previstas nos pregos de cláusulas administrativas, así como os límites na alteración das súas contías.
- Artigo 242.4 da LCSP, polo que de considerarse necesaria unha modificación do proxecto procederase á súa redacción e aprobación polo órgano de contratación.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

- Base reguladora 21ª da convocatoria, segundo a cal, con posterioridade ao acordo ou á resolución de concesión de subvención, antes de que se inicie a licitación do proxecto subvencionado e sempre e cando non se prexudiquen intereses de terceiras persoas, poderase solicitar una modificación do acordo ou da resolución pola necesidade de reformular o proxecto sen variar a tipoloxía inicialmente aprobada.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do II PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.

COMPETENCIA PARA RESOLVER

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto reformulado presentado polo Concello de Vilaboa non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o orzamento do novo proxecto aumentase respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida, e o Concello asume o compromiso de cofinanciamento da citada cantidade.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no Plan Extraordinario Vía Depo e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- PRESTAR A CONFORMIDADE ao proxecto técnico reformulado da actuación denominada "Acondicionamento camiños Casal de Santa e Paredes e reparación sendeiros peonís nos accesos das praias do Areeiro e Ostral" presentado polo Concello de Vilaboa ao abeiro do Plan Extraordinario Vía Depo, cun orzamento total de 96.667,72 €.

- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Vilaboa, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

22.37862.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTE. (Expte. 2026073308)

Vista a relación de operacións con número 2026073308 (CSV: UEJ2FAC3D6132F1Y), que contén 1 operación por un importe de 700,00 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 799,06 €
IVE soportable deducible ..... 0,00 €
Retencións ..... 99,06 €
Total líquido..... 700,00 €

23.37863.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO. (Expte. 2026072702)

Vista a relación de operacións con número 2026072702 (CSV: T2KFTP8UW8WXOLTQ) que contén 14 operacións por un importe de 56.329,46 €, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario ..... 56.147,70 €
IVE soportable deducible ..... 276,76 €
Retencións ..... 95,00 €
Total líquido..... 56.329,46 €

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

24.37864.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA "RESTAURACIÓN DA SENDA FLUVIAL DO RÍO TEA, TREITO AREA RECREATIVA MOSCADEIRA – LÍMITE CO CONCELLO DE MONDARIZ (CONCELLO DE PONTEAREAS) FINANCIADO". (Expte. 2024081885) (Expte certificación. 2026066733)

ANTECEDENTES

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026001557 de data 26/02/2026 o Deputado Delegado de Réxime Interior, Economía Facenda e Oral, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación adxudicou mediante procedemento aberto simplificado a contratación da obra "*Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira – límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*" á empresa CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, (B-36816189), por un importe de 180.121,57 € (IVE engadido) e un prazo de (2) dous meses de execución (CSV: E3WIQMSZPWI7UDR3). O contrato entre as partes foi asinado con data 17 de marzo de 2026 (CSV: 8478G39ZLFOFUWVO).

Resultando.- Que en data 21/04/2026, asínase a acta de comprobación de replanteo, que verifica a realidade física e xeométrica da obra a executar, como determina o artigo 237 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, tras a comprobación da dispoñibilidade real dos terreos, a viabilidade do trazado e coincidencia das medicións co proxecto aprobado.

Resultando.- Que a execución da obra rematou en tempo e forma e a súa recepción tivo lugar o día 29/06/2026 asínase a acta de recepción favorable da obra.

Resultando.- Que segundo o artigo 243 da LCSP o prazo para a aprobación da certificación final das obras é de tres meses contados a partir da recepción.

Resultando Que en data 25/08/2026, a empresa presenta no Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra con nº de Rexistro WEB2026066883 a Certificación final da obra de *Restauración da senda fluvial do río Tea, treito área recreativa Moscadeira – límite co Concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*".

Resultando. Que consta no expediente informe de intervención de data 21 de setembro e CSV XEOK9R9KCQLGNZ1I.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas vixentes bases de execución do presuposto, concretamente na base 17.1.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Con base nos antecedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gasto relativa á certificación final da obra "*Restauración da senda fluvial do rio Tea, treito área recreativa Moscadeira- límite co concello de Mondariz (Concello de Ponteareas)*", polo importe bruto de 16.240,61 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL (B-36816189)	26/433.4325.652.99.2025 – 26/433.4325.652.99	16.240,61 €
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		451,16 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		367,07 €
Total descontos		818,23 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		15.422,38 €

Segundo.- Aprobar a liquidación do ingreso correspondente, practicándose as retencións ou descontos sobre o importe bruto da certificación indicada, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado do presente Acordo ao interesado.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

25.37865.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS PARA A SUBVENCIÓN "LIÑA 1: POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO INMATERIAL DAS VILAS E COMARCAS" DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES, APROBADA Ó SEU FAVOR NA XUNTA DE GOBERNO DE 14/08/2026. (Expte.2026035071)

Antecedentes:
Primeiro A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria de 27 de febreiro de 2026, aprobou as "bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para a realización de actividades culturais, ano 2026" (Acordo núm. 6.36132) publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 46 de 9 de marzo de 2026.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Segundo.- En data 07 de abril de 2026, Selene Domínguez Mariño, en representación da ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS (NIF: G16495939) presenta solicitude para "Liña 1: Posta en Valor do Patrimonio inmaterial das Vilas e Comarcas", achegando un orzamento para a realización da actividade por importe de 3.000,00 €.

Terceiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de 14 de agosto de 2026 (Acordo núm. 11.37542) acordou concederlle á ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS, do concello de Fornelos de Montes (NIF: G16495939) unha subvención de 964,67 € para "Liña 1: Posta en Valor do Patrimonio inmaterial das Vilas e Comarcas" con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05 do vixente orzamento provincial.

Cuarto.- Con data 07 de outubro de 2026 e número de rexistro WEB2026075988, a ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS de Fornelos de Montes, presenta renuncia á subvención concedida no seu día, motivada pola imposibilidade de asumir os custos necesarios para levar a cabo a actividade prevista, sendo para a entidade inviable executar a actividade subvencionada nas condicións inicialmente formuladas.

Quinto.- Por parte da Intervención da Deputación en data 08 de outubro de 2026 fiscalízase de xeito favorable a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS (NIF: G16495939) documento con CSV: 2O3VDCMGHSJ4IYIG.

Fundamentos:
Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións: arts. 21 e ss.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia: arts. 3.1.c) e 19 e seguintes.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno: artigo 1,7 e 8.1.c).
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais: artigos 23 a 29.
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358**
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Segundo.- O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 44.2 da Constitución española recóllese que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todas as persoas teñen dereito. No artigo 69 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, determínase que as administracións públicas adoptarán unha política xeral encamiñada a salientar a función do patrimonio cultural inmaterial na sociedade como elemento de carácter identitario, así como a integrar a súa salvagarda nos seus programas de planificación, especialmente mediante os programas educativos e de sensibilización adecuados para o recoñecemento, o respecto, a difusión e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, nos que a infancia e a xuventude ocuparán un lugar relevante. Nesta liña, no artigo 118.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Adicionalmente, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establécese como competencia propia das deputacións provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial. Do mesmo xeito, no artigo 109.1.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determínanse como competencias propias das deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto.- Por outra banda, e atendendo ao caso que nós ocupa, o art. 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos. Asemade, que tanto o desestimento como a renuncia poderá facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable e que a Administración aceptará de plano o desestimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, agás no caso de que habéndose personado no mesmo terceiros interesados, e instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foran notificados do desestimento ou renuncia.

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB

Firmado por: ***2878** LUIS LOPEZ (R: P3600000H)
Cargo: Presidente
Data: 30/10/2026 14:10

É dicir, tanto o desestimento como a renuncia conlevan a finalización do procedemento, pero cunha diferencia, no primeiro caso, conclúe o procedemento pero non impide no seu futuro que se poida abrir un novo expediente, mentres que no segundo caso, impide comezar outro procedemento para facer valer a mesma pretensión.

Quinto.- En canto á competencia para a aceptación da renuncia presentada e de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno, que foi quen aprobou a concesión das subvencións obxecto do presente expediente.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada pola ASOCIACIÓN VECIÑAL-CULTURAL DE MULLERES DE ESTACAS (NIF: G16495939) á subvención concedida pola Deputación de Pontevedra por importe de 964,67 € para a realización da actividade da "Liña 1: Posta en Valor do Patrimonio inmaterial das Vilas e Comarcas" (documento co CSV: X75E504F7A3WHANK).

Segundo.- O presente acordo pon fin á vía administrativa.

26.37866.- COMUNICACIÓNS: non houbo.

27.37867.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

28.37868.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as once horas e dezaseis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

Firmado por: MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RIO - ***0358***
Cargo: Secretaria
Data: 30/10/2026 11:31

Pode verificar a integridade deste documento no enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):PSMSOUUNI3RMZBRB